
# *Foeniculum vulgare* Mill., 1768

- fiúncho, fiollo, fionllo, fieiteiro
- hinojo, matalahuga, zenollo, perejil de gitano, hierba santa, mello
- mihilu, milu
- fonoll, fenoll
- fennel
- funcho, fiolho




**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

Sen avaliar

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Apiales** | **Apiaceae** | ***Foeniculum*** |

## ORIXE

Zona meridional de Europa e a cunca do Mediterráneo.

## CARACTERÍSTICAS

Glabro, glauco, perenne, con arrecendo típico a anís, que acada 250 cm. Os talos son estriados, algo ocos (polo menos nas partes anchas). As follas basais e caulinas medias de perfil triangular, de 10-43 cm, bi ou tripinnatisectas levan lóbulos filiformes de 10-40 mm de longo. As flores, de 1-2 mm, con pétalos amarelos, van en umbelas terminais e laterais de 5-40 mm de radio, sen brácteas nin bractéolas. O froito mide 3-10 mm, sendo castaño na madurez.

## HÁBITAT

Zonas alteradas de climas temperados. Medra espontaneamente en bordos de camiños, cunetas, campos abandonados, matogueiras e ribazos, dende o nivel do mar ata altitudes medias, tolerando ben a seca e a calor, e preferindo solos con boa drenaxe e ricos en nitróxeno.

## DISTRIBUCIÓN

Nativa de Europa meridional e a cunca mediterránea, pero ten unha ampla distribución mundial en zonas temperadas, estendéndose polo norte de África, Asia occidental, e estando naturalizada en América e outras partes do mundo.

## CURIOSIDADES

Os froitos (anises) son empregados para condimentar as castañas. As follas e talos, amais de seren comestibles, úsanse para facer a festa dos Maios e cruces de Maio nos lugares nos que se conservan estas enxebres tradicións.